

“As universidades especializadas poderían mellorar a taxa de inserción dos universitarios”

Fernando
Martínez

Director xerente
da Fundación
Universidad-Empresa

A Fundación Universidad-Empresa facilita a relación entre ambos os dous actores. Naceu en 1973 con este propósito, ao que gardou fidelidade desde entón. Fernando Martínez Gómez, director xerente da entidade, recorda que uns 40.000 universitarios participaron nos programas de iniciación profesional que impulsan e acadaron índices de inserción do 80%. No actual marco de crise, reclama manter este contacto, aproveitar a experiencia e opinión das empresas para formar en competencias e fomentar o espírito emprendedor dos universitarios. Non obstante, tamén advirte a propia institución: “A universidade debe mostrar aos estudantes como poñer en valor as súas enormes capacidades fronte a potenciais empregadores”.

Que papel xogan as universidades no desenvolvemento? Sempre foron actores esenciais no desenvolvemento social, tecnolóxico e económico. Representan un factor clave para a competitividade, máis necesario que nunca porque a recuperación require unha reconsideración profunda do modelo de crecemento. Débese apostar por un novo modelo produtivo baseado no coñecemento e en actividades que acheguen valor engadido, na educación, na investigación e na innovación. É necesaria a vinculación real entre a investigación desenvolvida nas universidades e os procesos de innovación requiridos no sector produtivo, así como a formación de profesionais proactivos, emprendedores e coas calidades, capacidades e competencias requiridas por un mercado cada vez máis internacional, tecnolóxico e competitivo.

Que achega para iso a colaboración entre universidade e empresa? O anterior non será posible se non reforzamos o binomio educación-empresa. Temos

que crear, alimentar e manter alianzas e obxectivos estratéxicos, xunto cun sólido compromiso por alcanzar resultados de eficacia, eficiencia e excelencia. Calcúlase que tan só 15.000 empresas en España colaboran coas universidades, un 0,45% do total. A comunidade universitaria necesita facer un maior esforzo de apertura á sociedade, especialmente respecto das pequenas e medianas empresas, a través de accións de achegamento e sensibilización que destaquen os beneficios mutuos da relación entre universidade e empresa en termos de competitividade.

Cal é o papel da Fundación Universidad-Empresa neste contexto? O seu propósito é achegar os mundos académico e empresarial. Identificar, facilitar e desenvolver canles de achegamento, colaboración e diálogo entre universidade e empresa. Fomos a primeira institución española, e cremos que europea, creada con este fin específico.

Foméntase o emprendemento desde a universidade? En setembro presentaremos un estudo sobre este tema, pero podo adiantar un compromiso crecente das universidades respecto da educación emprendedora. Saben que é o instrumento clave para mellorar a empregabilidade dos titulados universitarios. Na actual conxuntura económica, de mercado e de emprego, non abonda unha boa formación e cunha axeitada capacitación. Cada vez son máis imprescindibles actitudes persoais proactivas, emprendedoras e innovadoras.

Estas son as claves para acceder ao primeiro emprego? A vida universitaria compréndese como o único obxectivo vital do estudante, que parece prorrogar durante uns anos a decisión sobre o seu futuro. Pero pasado ese tempo, intérnase nun territorio descoñecido. As prácticas

para estudantes son unha ponte para a formación técnica, que permite desenvolver a maioría das habilidades e competencias demandadas no mercado. Marcan a diferenza entre os miles de titulados dunha mesma titulación e universidade.

Inflúe o mercado laboral na universidade? É desexable que os xestores universitarios sexan conscientes da realidade do mercado laboral. Isto acontece sobre todo nos programas de posgrao e menos nos títulos de grao. Pero xurdiron novos títulos moi centrados en sectores industriais con proxección de futuro, como o deseño de videoxogos e contidos dixitais, os recursos enerxéticos ou a prevención e seguridade. É probable que as universidades que se especialicen melloren a taxa de inserción dos titulados universitarios. O problema de base está en que non se mostra aos estudantes como poñer en valor as súas enormes capacidades fronte a potenciais empregadores. A metodoloxía que impuxo o proceso de Bolonia, ben aplicada, debería servir para paliar estas carencias.

Segundo o sétimo informe INNOVACEF 2012, os novos investigadores “outorgan un 4 sobre 10 ao grao de confianza que lles transmite o sistema nacional de I+D+i”. O menor de todas as edicións. Hai risco de perder os nosos científicos? A investigación científica é unha das actividades máis sensibles aos recortes orzamentarios desde 2009. Esperamos que a Axencia de Financiamento, anunciado antes do verán, impoña un novo ritmo de recuperación, que a ciencia conte con vocación de futuro e que as universidades reaccionen con estratexias máis fortes para a comercialización e o autofinanciamento das súas actividades.

+ www.consumer.es

